



ANEXO V.- BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE FOMENTO DA PRÁCTICA DO DEPORTE NO MUNICIPIO

As presentes bases específicas, que rexerán a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o fomento da práctica do deporte no municipio, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 12 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS), o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nas Bases Xerais Reguladoras da Concesión de Subvencións incorporadas ás bases de execución do orzamento xeral.

1. Obxecto da subvención

As presentes bases teñen por obxecto de regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades deportivas que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.

2. Beneficiarios

2.1. Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro que, cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo o 1 de xaneiro do ano da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

2.2. Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as persoas deportistas que practiquen modalidades deportivas individuais, por dúos ou tríos, que estean empadroados no Concello de Nigrán dentro do prazo de presentación das solicitudes e, como mínimo, desde o día 1 de xaneiro do ano previo ao da convocatoria.

3. Convocatoria e financiamento

As axudas concederanse con cargo aos créditos orzamentarios que se indiquen na correspondente convocatoria ditada pola Alcaldía, na que se especificará tamén a contía máxima destinada a aquelas.

4. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen ata a data límite de xustificación (base 10ª). En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Pola contra, non poderán ser obxecto de subvención:

- Inversións ou equipamentos das Asociacións.*
- Gastos de funcionamento das mesmas. Neste sentido, non se considerarán gastos subvencionables os consumos de subministracións como o teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar.*
- Gastos persoais dos deportistas que non estean relacionados coa súa práctica deportiva.*
- O imposto sobre o valor acrescentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.*





- **Os intereses debedores das contas bancarias, intereses, recargos e sancións administrativas e penais, gastos derivados de procedementos xudiciais, e outros semellantes.**

O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinalen no momento da solicitude, os cales deberán reflectirse no acordo de concesión. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderán xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes, agás solicitude debidamente fundamentada de cambio de actividade.

Serán gastos subvencionables aqueles que se produzan como consecuencia da participación da beneficiaria en competicións oficiais, tales como:

- **Licenzas federativas**
- **Equipamento deportivo**
- **Arbitraxes**
- **Viaxes**
- **Aloxamento**
- **Comidas**

Non se considerarán gastos subvencionables os derivados dos desplazamentos dentro da provincia de Pontevedra (viaxes, aloxamento, comidas, etc).

Tamén serán gastos subvencionables os derivados da organización de eventos e actividades deportivas tales como carreiras, torneos, demostracións, encontros, competicións, concentracións, xornadas formativas, etc, tales como:

- **Seguros contratados especificamente para a realización da actividade**
- **Ambulancias**
- **Trofeos**
- **Alugueiros de equipos de son, mobiliario ou material necesario a para a realización da actividade.**
- **Speaker**

A imaxe do Concello de Nigrán haberá de estar presente nos elementos promocionais do evento (cartel, redes sociais, memoria...).

5. Criterios de outorgamento

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en conxunto con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total do programa ou da actividade para desenvolver polo beneficiario.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva entre as solicitudes admitidas, valorándose de conformidade cos seguintes criterios:

5.1. Entidades deportivas

As solicitudes de subvención para as entidades valoraranse seguindo os seguintes criterios:

- 1. Federación da entidade en federacións deportivas: 10 puntos por cada federación á que a entidade estea federada.**
- 2. Veciñas e veciños participantes que estean federados. Ata un máximo de 25 puntos.**





- **2 puntos por cada licenza federativa en categorías do deporte base, entendendo este como as categorías de xuvenís ou menor de idade.**
- **1 puntos por cada veciño ou veciña de Nigrán integrante do club, con licenza federativa, que non se encadre no punto anterior.**
- **1 punto por cada licenza feminina.**
- **2 puntos por cada persoa con licenza de deporte adaptado.**

3. Adestradores e adestradoras con titulación oficial recoñecida polas federacións ás que a entidade estea federada. Ata 15 puntos

- **Nivel III: 4 puntos**
- **Nivel II: 3 puntos**
- **Nivel I: 2 puntos**
- **Monitor: 1 punto**

4. Realización de actividades ou proxectos deportivos. (máximo 1 evento ou programa).

- **Carácter da actividade. Ata 20 puntos**
 - **Federado nivel local ou provincial: 5 puntos**
 - **Federado nivel autonómico: 10 puntos**
 - **Federado nivel estatal ou superior: 20 puntos**
- **Duración da actividade: 1 puntos por cada día que dure o proxecto ou a actividade, até un máximo de 5 puntos.**
- **Uso exclusivo de instalacións privadas para o desenvolvemento da actividade ou programa: 5 puntos.**
- **Emprego da lingua galega na actividade ou programa: 5 puntos**
- **Carácter tradicional do proxecto ou actividade deportiva (bolos celtas): 5 puntos**

5. Participación en competicións de nivel supraprovincial, segundo o área xeográfica onde se localiza a competición . Ata 50 puntos:

- **Fora da provincia de Pontevedra e dentro de Galicia: 1 punto**
- **Fora de Galicia e dentro do Estado Español: 5 puntos**
- **Fora do Estado Español e dentro da Unión Europea: 15 puntos**
- **Fora da Unión Europea: 30 puntos**

5.2. Apoio a deportista individuais

As solicitudes de subvención valoraranse seguindo os seguintes criterios:

1.- Resultados obtidos en competicións oficiais: Ata 50 puntos:

Posto obtido	Campionato do mundo	Campionato de Europa	Campionato de España	Probas internacionais de carácter oficial
1º	25	20	15	5
2º	24	19	14	4
3º	23	18	13	3





4º	22	17	12	2
5º	21	16	11	1
6º	20	15	10	-
7º	19	14	9	-
8º	18	13	8	-
9º	17	12	7	-
10º	16	11	6	-
11º ou +	15	10	5	-

Os resultados obxecto de valoración deberán cingirse exclusivamente á modalidade deportiva para a que se solicita a axuda, na que o/a deportista teña a correspondente licenza federativa. Valorarase a participación en campionatos oficiais no período que vai entre o 1 de xaneiro a 30 de xuño de 2026.

Á hora de realizar a valoración teranse en conta os tres mellores resultados conseguidos en competicións oficiais segundo a táboa de valoración establecida. Enténdese por competicións oficiais as consideradas como tal pola Federación Deportiva correspondente ou pola Administración deportiva dentro do seu ámbito de competencias.

2. Convocatoria para a selección española. 15 puntos

3. Convocatoria para a selección galega: 7 puntos

Á hora de facer a valoración terase en conta a convocatoria coa selección de máis nivel.

6. Presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será o que se indique na correspondente convocatoria.

A solicitude de subvención deberá formularse nos modelos normalizados que, en su caso, se establezan na convocatoria. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

1. Para as entidades deportivas:

- Certificado da federación correspondente no que especifique o número de persoas federadas, por categorías, integrantes da entidade solicitante. Este documento poderá substituírse pola achega de copia das fichas federativas.*
- Licenzas das persoas deportistas ou listado emitido pola federación correspondente.*





- **Licenzas das persoas adestradoras ou listado emitido pola federación correspondente.**
- **Xustificante de empadramento no Concello de Nigrán das persoas integrantes da entidade que contén coa correspondente ficha federativa.**
- **Memoria xustificativa dos campionatos ou competicións nos que prevén participar neste ano 2026**
- **Memoria xustificativa do proxecto ou evento deportivo que se pretende subvencionar**

2. Para as subvencións a deportistas individuais:

- **Acreditación dos resultados obtidos en competicións oficiais no período que vai entre o 1 de xaneiro a 30 de xuño de 2026.**
- **Acreditación da convocatoria ou chamamento para a selección estatal ou galega**
- **Xustificante do empadramento no Concello de Nigrán ou autorización ao Concello para realizar a consulta.**

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases.

7. Emenda de deficiencias

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos á solicitude, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de acordo co disposto 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8. Tramitación e procedemento de concesión

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Alcaldía e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída pola persoa titular da Alcaldía do Concello de Nigrán, a persoa titular da Concellería de Deportes, un concelleiro/a doutros grupos políticos da Corporación por quenda rotatoria, e un empregado público do Departamento de Deportes, que tamén exercerá a secretaría da comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles. Poderá asistir con voz, pero sen voto, un funcionario do departamento de Intervención.

A Comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.

As solicitudes valoraranse de conformidade cos criterios de valoración recollidos na base 5, e co límite máximo por beneficiario que se estableza na convocatoria.

A proposta de adxudicación deberá expresar:

- **A relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención**
- **A actividade o proxecto obxecto de subvención**





- A a puntuación obtida, por aplicación dos criterios de valoración.
- A cantidade solicitada, e a cantidade proposta

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a **Alcaldía**, previa proposta da **Comisión de Valoración**.

9. Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios cumprirán as obrigas recollidas no art. 9 das Bases Xerais Reguladoras da Concesión de Subvencións, así como as seguintes obrigas específicas:

- a) Realizar a actividade subvencionada de conformidade coa memoria do proxecto que servira de base para solicitar a subvención.
- b) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos proxectos ou actividades, entre elas a subscripción dos correspondentes seguros.
- c) Comunicar calquera eventualidade, no momento que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización do proxecto ou actividade subvencionado.
- d) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade dos proxectos e actividades subvencionados a participación do Concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama, de acordo co establecido no artigo 4 das presentes bases.

10. Xustificación e pago da subvención

O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa, de conformidade co previsto nestas bases.

A tramitación da xustificación iníciase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, e tras a presentación a través do Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, da documentación xustificativa requirida no art. 25 e 23 en canto aos requisitos de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, das Bases Xerais de Concesión de Subvencións, nos prazos que se indiquen na convocatoria. Aos ditos efectos poderán establecerse modelos ou formularios electrónicos que deberán empregarse.

De non xustificarse a totalidade do importe subvencionable do proxecto ou actividade subvencionada, ingresarase unicamente a parte proporcional que poda corresponder segundo a xustificación achegada.

En caso de dúbidas, o Concello poderá requirir á entidade beneficiaria calquera outra documentación ou xustificación.

As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da entidade beneficiaria, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

A falta de presentación da documentación xustificativa en tempo e forma levará consigo a revogación da subvención concedida.

11. Seguimento, control e inspección





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

O Concello de Nigrán, polos medios que estime oportunos e conforme á normativa en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a subvención.

12. Reintegro e réxime sancionador

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos beneficiarios das subvencións, así como a non xustificación total da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro das axudas aboadas e a prohibición de beneficiarse de outras novas por un período de 2 anos.

Disposicións finais

O Concello de Nigrán quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas os beneficiarios das subvencións outorgadas.

En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables na materia de subvencións.

De acordo coa Disposición Adicional Décima da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderanse convocar premios relacionados coa materia obxecto das presentes bases, con cargo ás partidas orzamentarias que no seu caso se indiquen na correspondente convocatoria ditada pola Alcaldía.

A dita convocatoria respectará o contido da Lei referida, agás naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.

